

CONVOCATORIA DE AXUDAS CORRESPONDENTES ÁS ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN “REDES DE EXCELENCIA” CORRESPONDENTES AO PROGRAMA ESTATAL DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA, DE EXCELENCIA SUBPROGRAMA ESTATAL DE XERACIÓN DO COÑECEMENTO, NO MARCO DO PLAN ESTATAL DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TECNICA E DE INNOVACIÓN 2013-2016

2017

Por [Resolución da Axencia Estatal de Investigación](#) publicouse a convocatoria de axudas correspondentes ás accións de dinamización do programa estatal de fomento da investigación científica e técnica de EXCELENCIA das seguintes modalidades:

- **REDES TEMÁTICAS**
- **REDES CONSOLIDER**
- **REDES ICTS**
- **REDES ESTRATÉXICAS**

PAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados deberán achegar a documentación á Oficina de investigación e Tecnoloxía Campus de Santiago/Lugo, antes das 10 horas do día 23 de outubro de 2017

INCUMPRIMENTOS DA CONVOCATORIA

- O incumprimento dos requisitos por parte do coordinador da rede determinará a inadmisión da solicitude.
- O incumprimento dos requisitos por parte dalgún dos outros membros do equipo da rede determinará á súa exclusión da solicitude na que figure.

AUTORIZACIÓN

i.-Para obter autorización para participar nunha rede presentada por outra entidade debe terse en conta:

- Que a entidade cumpra os requisitos do artigo 4 da convocatoria.

- Solicitar a dita autorización á USC, antes das 14 horas do día 18 de outubro, enviando cumprimentando ao enderezo electrónico **mariajose.enriquez@usc.es** o seguinte **[Formulario de Autorización](#)**.

VINCULACIÓNS

ii.-A vinculación deberá manterse durante todo o período previsto para a execución da actuación, de ser o caso, a solicitude do compromiso de vinculación deberá realizarse antes das 14 horas do 18 outubro enviando cumprimentado, ao enderezo electrónico **mariajose.enriquez@usc.es** o seguinte **[Modelo de Vinculación](#)**.

Sen contar coa autorización da Vicerreitoría de Investigación Innovación, que se plasmará coa sinatura do formulario antes indicado, **NON se poderá incluír como coordinador ou como membro do equipo da rede a ningún investigador que non teña vinculación pola duración total do proxecto.**

Si nalgunha solicitude de rede se inclúe ao coordinador ou a algún membro do equipo da rede, sen vinculación pola duración total, sen contar coa a autorización por parte desta Vicerreitoría, a USC se reserva o dereito de RENUNCIAR.

CUMPRIMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse electronicamente a través da aplicación de solicitude, á que accederá o coordinador da rede, e da sinatura e rexistro electrónico, á que accederá o representante legal, as dúas aplicacións están dispoñibles na sede electrónica da Secretaría de Estado de I+D+I. Deberanse seguir os seguintes pasos:

1º.-Agás que se estivera inscrito anteriormente, o coordinador deberá identificarse e definir o seu nome de usuario e palabra chave.

2º.-O formulario electrónico de solicitude conterá, ademais dos datos identificativos da rede, entidade solicitante, membros do equipo da rede a seguinte información:

- Identificación da área e, non seu caso, subárea temática de xestión seleccionada para a avaliación da rede.
- Resumo en español e en inglés da rede, e reseña do CV do coordinador da rede.

Ao formulario electrónico de solicitude, o coordinador da rede deberá anexar a seguinte documentación obrigatoria, que se considerará parte integrante e contido mínimo da solicitude:

MEMORIA CIENTIFICO-TECNICA da rede que se presentará necesariamente nos modelos normalizados dispoñibles na páxina [WEB na Axencia](#), debendo respectarse o contido, extensión e formatos indicados. Presentarase en inglés ou en español, con letra ***Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos, marxes laterais de 2,5 cm; marxes superior e inferior de 1,5 cm, espazado mínimo sinxelo.*** Os apartados A e B da memoria científico-técnica deberán cumprimentarse obrigatoriamente, con independencia de que o contido dos apartados figure tamén no formulario de solicitude da axuda.

O apartado C (Documento Científico) da memoria científico técnica terá unha extensión máxima de 10 páxinas. **Non se admitirá memorias científico-técnicas con anexos ou información diferente á solicitada nos apartados A y B, nin anexos ou outra información no apartado C unha vez superada a extensión indicada neste mesmo paragrafo.**

CURRÍCULO VITAE ABREVIADO (CVA) do coordinador da rede. O CVA realizarase no modelo normalizado dispoñible na web da axencia e presentarase en inglés ou en español, ***con letra Times New Roman ou Arial dun tamaño mínimo de 11 puntos; marxes laterais de 2,5 cm, marxes superior e inferior de 1,5 cm; e espazado mínimo sinxelo. Terá unha extensión máxima de 4 páxinas.***

Tamén será válido o CVA que se xenera de xeito automático dende a aplicación “*curriculum vitae*” normalizado dispoñible na web da FECYT, empregando a opción de xeneración de curriculum abreviado.

Non se admitirán CVA con anexos ou outra información unha vez superada a extensión de 4 páxinas.

Ademais o coordinador da rede deberá achegar na aplicación, en función da modalidade da rede de que se trate os seguintes documentos:

En todos os casos:

CURRICULUM VITAE ABREVIADO (CVA) de todos os compoñentes do equipo da rede, que se presentará necesariamente no modelo normalizado dispoñible na web do AXENCIA. Presentarase en inglés ou español, ***con letra Times New Roman ou Arial dun***

tamaño mínimo de 11 puntos, marxes laterais de 2,5 cm, marxes superior e inferior de 1,5 cm, espazado mínimo sinxelo. Terá unha extensión máxima de 4 páxinas.

Tamén será válido o CVA que se xenera de xeito automático dende a aplicación “*curriculum vitae*” normalizado dispoñible na web da FECYT empregando a opción de xeración de currículo abreviado.

Cando o coordinador da rede pertenza a unha entidade distinta á solicitante deberá achegar a autorización da entidade á que está vinculado. Dita autorización presentarse no modelo normalizado dispoñible na páxina WEB da Axencia.

Cando proceda, documento acreditativo de ter superado procedemento público de selección segundo o previsto no artigo 10 apartado 5.d).

NAS REDES ICTS:

Acordo ou declaración subscrito polos representantes leais das entidades titulares ou xestoras das infraestruturas integrantes da Rede ICTS, que recolla, cando menos, a composición da rede, os seus órganos de coordinación ou xestión, os seus obxectivos e o compromiso de colaboración na consecución dos mesmos.

De non figurar o documento anterior, acordo ou declaración conxunta dos representantes legais das entidades titulares ou xestoras das infraestruturas que forman parte da rede, ou acordo do máximo órgano de coordinación ou xestión desta, designando aos representantes das infraestruturas e no seu caso ao experto independente que formarán parte do equipo da rede, sinalando cal de eles actuará como coordinador da rede.

NAS REDES ESTRATÉXICAS:

No caso de Alianzas de I+D+I, a Declaración de Intencións, asinada por todos os compoñentes no momento de constitución da Alianza.

VALIDACIÓN DA SOLICITUDE

Unha vez rematada a cumprimentación da solicitude, o coordinador da rede a validará e enviará telematicamente.

O coordinador Imprimirá os documentos que xenere automaticamente a aplicación telemática onde consignará as sinaturas orixinais do coordinador e do resto do equipo.

Estes documentos deberán se entregados na Oficina de Investigación e Tecnoloxía (Santiago/Lugo) antes do fin dos prazo de presentación na OIT indicado mais arriba.

INFORMACIÓN

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

Antes de cumprimentar a solicitude recoméndase ler os [Documentos Explicativos](#).

Consultas de carácter xeral:

Consultas de tipo xeral sobre a convocatoria:

http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/consulta_ayudas

consultas de tipo informático:

http://www.idi.mineco.gob.es/portal/site/MICINN/consulta_informatica

OIT: Extensións 16217, 16249, 16265

Por outra banda indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.

DATOS DE INTERESE

CIF da USC:	Q 1518001-A
Representante legal	Isabel Rodriguez-Moldes Rey
Teléfono:	881811000 16201
Telefax:	881816203
Correo electrónico	cittinfo@usc.es
Dirección:	Edificio Cactus, Campus Vida
Código Postal:	15782 Santiago

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a tódolos investigadores a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación